

AO CONCELLO DE A CORUÑA
PLAZA MARCO ZITO, 1, 15001

....., maior de idade avogado, con DNI, con enderezo que sinala a efectos de notificación en, 15883 e enderezo de correo electrónico esculca@esculca.gal en calidade de **VICE-PRESIDENTE de ESCULCA OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DE DEREITOS E LIBERTADES**, amparado no art. 17 da LEI 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, do goberno e de acceso á información, formula **SOLICITUDE DE ACLARACIÓN E COMPLEMENTO DE ACCESO Á INFORMACIÓN** dacordo coas seguintes ALEGACIONES:.

SALIDA
Nº Res: 000006301e1801965522
Fecha: 07/08/2018 12:55:35

PRIMEIRO.- IDENTIDADE DO SOLICITANTE E IDENTIFICACIÓN DA SOLICITUDE

A solicitude foi presentada con data 25/06/2018 as 00:01:00 e número de Rexistro nº219165. Foi formulada por ESCULCA OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DOS DEREITOS E LIBERTADES dacordo cos seus fins estatutarios que no devandito escrito eran consignados.

Ministerio de Política Territorial y Función Pública
Res. Oral. de la Subdel.Gob. en Ourense
ENTRADA
Nº Res: 000006301e1802215578
Fecha: 07/08/2018 12:55:35

SEGUNDO.- INFORMACIÓN SOLICITADA E ANTECEDENTES DA SOLICITUDE

Que o Observatorio formulou a devandita solicitude de información sobre as actuacións policiais desenvolvidas pola POLICÍA LOCAL DA CORUÑA e a POLICÍA NACIONAL ESPAÑOLA o día 23.05.2018, no despexo das INSTALACIÓNS da COMANDANCIA DE OBRAS onde tiña a súa sede o CENTRO SOCIAL AUTOXESTIONADO A INSUMISA.

TERCEIRO.- CARÁCTER INCOMPLETO E NON AXUSTADO A DEREITO DA RESPONDA FORMULADA

A solicitude foi obxecto de resposta polo Concello por medio dun oficio de data 22 de xuño de 2018 con carimbo de saída do 28 de xuño, sen que conste autoridade ou funcionario/a asinante alén dunha xenérica antesinatura de COORDINACIÓN DE SEGURIDADE CIDADADA. Con ese oficio acompañábase un INFORME DA POLICÍA LOCAL de data 27 de xuño, asinado polo Xefe accidental da POLICÍA LOCAL.


Pois ben, coa finalidade de evitar a interposición de recurso perante o CONSEJO DE TRANSPARENCIA Y BUEN GOBIERNO e ante as incoherencias que recolle o citado informe, interésase aclaración dos seguintes EXTREMOS:

1. Reitérase a solicitude de entrega da COPIA DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN INTERNA E FUNCIONAMENTO DA POLICÍA LOCAL DA CORUÑA.- O informe recoñece a existencia dun regulamento dos anos 80. Segundo se recoñece no informe non consta a súa derogación e recoñécese a aplicación residual do mesmo. Interesa este Observatorio se facilite copia do mesmo.

2. Recoñece o informe de POLICIA LOCAL que non existen instrucións operativas para a utilización de Defensas, Sprays de autodefensa e outros, alén das disposicións da lei orgánica de aplicación xeral a corpos policiais. Mais sinala que portan as devanditas defensas extensibeis seccións como as de ciclistas, motoristas, en servizo á paisana ou en operativos en que se estime oportuno . **Solicítase do Concello, polo órgano político con competencias na materia, que determine a que seccións pertencen os policías locais que portaban defensas extensibeis na actuación obxecto desta información. E no seu caso, de estimarse que era oportuno que portasen defensas extensibeis, determine que órgano estimou oportuno no operativo portar as devanditas armas.**
3. Á vista do exposto no informe, e dado que se sinala que non houbo instrucións operativas de órgano político, se proceda a aportar transcripción das ordes verbais da devandita actuación. Caso denegar a devandita información, como parece insinuar o informe, se dite resolución motivada con base nas causas de denegación que prevé a lei de transparencia e por órgano con competencias para a devandita denegación, porque estima este Observatorio que tal decisión non é ou non debe ser policial.
4. Á vista do exposto no informe, e dado que se sinala a inexistencia de petición escrita de colaboración da policía nacional pola concellería competente , na secuencia das peticións verbais formuladas pola policía local da CORUÑA á SUBDELEGACIÓN DE GOBERNO, DELEGACIÓN OU COMISARÍA DA POLICÍA NACIONAL, se proceda a aportar transcripción da petición telefónica con expresión da hora e identificativo do telefonema.


SOLICITO .- se acceda e se proceda expedir e entregar a información solicitada en formato dixital no correo esculca@esculca.gal ou no seu defecto de dite resolución expresa por órgano con competencias para denegar o acceso á información ao abeiro da lei de transparencia.

A Coruña 3 de agosto de 2018



NOMBRE
JOSE - NIF
34961312R

Firmado digitalmente por
Fecha: 2018.08.06 14:35:22
+07'00



Fernando Blanco Arce
ESCULCA Observatorio para a Defensa de
dereitos e liberdades
Torre, 18
15883 Cacheiras – Teo (A Coruña)

En relación ao seu escrito presentado a través do rexistro municipal o 23 de xuño de 2018, solicitando acceso e copia de información, se adxunta ao presente informe remitido respecto diso pola Xefatura da Policía Local do Concello da Coruña.

A Coruña, 22 de xuño de 2018

Coordinación de Seguridade Cidadá



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña
Seguridade Cidadana
Coordinación

INFORME SOBRE ESCRITO de ESCULCA OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DE DEREITOS E LIBERDADES

Con data do 23 de xuño de 2018, o PRESIDENTE de ESCULCA OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DE DEREITOS E LIBERDADES presentou escrito solicitando determinada información sobre as actuacións policiais desenvoltras pola POLICIA LOCAL DE A CORUÑA e a POLICIA NACIONAL ESPAÑOLA o día 23.05.2018.

Ao respecto señalar que non se produciu ningún desaloxo das INSTALACIÓNS da COMANDANCIA DE OBRAS onde tiña a súa sede o CENTRO SOCIAL AUTOXESTIONADO A INSUMISA, senón unha recuperación de oficio da posesión do inmovible de titularidade municipal que estaba libre de ocupación por parte da policía local. A policía local actuou en cumprimento das súas obrigas, conforme ao establecido na normativa sectorial policial, concretamente no artigo 53 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade e no artigo 8. a) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de policía locais de Galicia.

Respecto as cuestións plantexadas:

- Copia do vixente regulamento de funcionamento e organización interna da POLICIA LOCAL DE A CORUÑA, data e órgano de aprobación do mesmo.

O Concello da Coruña aprobou a principios dos anos 80, un regulamento interno sobre a súa policía local.

O citado regulamento é anterior o desenvolvemento estatal e autonómico de normativa sobre policía local, o cal se inaplica por ter carácter residual (non foi derogado expresamente). A día de hoxe está en fase de negociación coa representatividade sindical un novo regulamento, acorde coa actual normativa estatal e autonómica de policía locais, polo que se aplica directamente a normativa estatal e autonómica reguladora do marco básico de policía locais, concretamente a Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade e a Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de policía locais (Galicia), decretos e ordes de desenvolvemento.

- Instrucións operativas vixentes da POLICIA LOCAL DE A CORUÑA en materia de medios ou dotacións regulamentarias de defensa e utilización dos mesmos . - Con especial atención ás instrucións ou regulamentacións internas de posesión e utilización de bastóns policiais extensibles, seccións policiais autorizados para portalos e rexistro da súa posesión e normas de utilización. -Así como normas operativas ou regulamentación interna en materia de utilización de defensas de goma ou semellantes e utilización de "sprays" de defensa de uso químico (gas pementa ou semellantes).

Non existen instrucións operativas expresas na policía local de A Coruña, sobre uso de medios técnicos de defensa, pola enorme casuística que pode darse na práctica, xa que cada actuación policial é distinta e a utilización dos medios técnicos teñen que ser acorde e proporcionais ás necesidades que poidan darse en cada suposto, entendendo que é mais operativo ter a formación, reciclaxe, entramento e coñecementos necesarios sobre operativa policial para ponderar u uso racional dos medios técnicos postos a disposición dos e das axentes.

Os medios técnicos dos que dispón a policía local de A Coruña son acordes co disposto no Decreto 60/2010, de 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos, dispoñendo no artigo 21 que os medios técnicos son os aparatos, elementos e

sistemas que o personal dos corpos da policía local utiliza para cumprir mellor coas súas obrigas; establecendo no artigo 22. a), entre outros, como medios de dotación individual obrigatorios a defensa fixa ou extensible e a funda que corresponda; e no artigo 22. b) como equipo complementario, entre outros, o spray de auto defensa, homologado, coa súa funda.

Os membros da policía local da Coruña, como na maioría dos concellos de Galicia, teñen a opción de poder utilizar con carácter de obrigatorio a defensa fixa ou a extensible, sendo racional e obxectivo que o uso dunha ou outra defensa sexa por razóns meramente practico-operativas. Así, na realidade diaria soen portar defensas extensibles os policías cicilistas, motoristas, servizo de paisano ou en determinados operativos nos que se considere oportuno.

A policía local da Coruña, aínda que non é preceptivo legalmente, impuxo internamente con carácter previo que para poder recibir una defensa oficial extensible e poder portala de servizo, os axentes teñan pasado previamente un curso de habilitación homologado pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

A policía local da Coruña toma como base na utilización e ponderación dos medios técnicos a utilizar progresivamente no exercicio das súas funcións o establecido nos PRINCIPIOS BASICOS DE ACTUACIÓN DAS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE, recollidos no artigo 5. 2. c) da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, e artigo 7. 3. da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local, que establecen con idéntica redacción "que no exercicio das súas funcións actuarán coa decisión necesaria e sen demora cuando de elo dependa evitar un dano grave, inmediato ou irreparable, rexíndose, ao facelo, polos principios de congruencia, oportunidade e proporcionalidade na utilización dos medios ao seu alcance".

- Instrucción operativa interna impartida pola concellería competente vixente para a actuación da POLICIA LOCAL para a toma de posesión das devanditas instalacións o día 23.05.2018.

Non existiu instrucción operativa impartida pola Concellería competente para a toma de posesión das devanditas instalacións o día 23/05/2018.

Todas as instruccións operativas parten da Xefatura do Corpo por ter un carácter técnico e de cumprimento da legalidade, polo que esta instrucción partiu da Xefatura do Corpo, mediante ordes e criterios verbais aos mandos policiais responsables da súa execución, mantendo por razóns de confidencialidade e éxito da operación, o segredo profesional.

- Solicitude da ALCALDÍA ou CONCELLERÍA competente para o apoio e reforzo pola POLICIA NACIONAL do devandito operativo.

O apoio da policía nacional foi solicitado, seguindo o procedemento habitual en operativos de este tipo, telefónicamente polo Xefe do Corpo da Policía Local ao xefe local de seguridade cidadá da Policía Nacional a primeira hora da mañá, mantendo contacto permanente o resto da xornada cos responsables de seguridade cidadá da policía nacional a nivel local e provincial, tras detectar as instalacións libres de ocupación na inspección policial de cumprimento ou non do desaloxo voluntario dentro do prazo otorgado polo Concello.

A Coruña, 27 de xuño de 2018.

O Xefe local da Policía Local da Coruña

Jose A. Blázquez Castelo

